

MULLERES NA HISTORIA

8 MARZO 2020



CELIA RIVAS (Camioneira)

Foi a primeira muller en conducir un camión en España. Fundou xunto coas súas irmás unha empresa de compra-venta de pescado e marisco, á que lle chamaron "Hijos de Joaquín Rivas", xa que lles pareceu que "Hijas" non quedaba ben.

Para máis fotos e información preme [aquí](#)



CONCEPCIÓN ARENAL (avogada)

Quería ir á universidade e tivo que facelo vestida de home. Foi a primeira muller que foi nomeada visitadora de cárceres de homes e mulleres.

Para ver vídeo pulsa [aquí](#)



HIPATIA DE ALEJANDRÍA (astrónoma)

Foi a primeira muller astrónoma e matemática da súa época. Pensaron que as súas ideas eran perigosas e matárona por iso.

Para ver vídeo pulsa [aquí](#)



MALALA YOUSAFZAY (activista)

É muller que desde moi nova loita polo dereito das nenas á educación no seu país Pakistán. Recibiu o Premio Nóbel da Paz aos 17 anos, e foi a persoa máis nova que o recibiu.

Para máis información pulsa [aquí](#)



MARÍA PITA (heroína)

Defendeu a cidade da Coruña da invasión inglesa, e loitou polo recoñecemento das mulleres na loita.

Para ver vídeo pulsa [aquí](#)



MARIE CURIE (científica)

Foi a científica máis importante da súa época, e a primeira persoa en recibir dous premios Nóbel. Foi a descubridora da radioactividade, que nos permite facer radiografías.

Para ver vídeos pulsa [aquí](#)



SANTA TERESA DE CALCUTA

Axudou aos máis pobres na India. Recibiu o Premio Nóbel da paz.

Para ver vídeo pulsa [aquí](#)



MARUJA MALLO (pintora galega)

Pintora galega, que triunfou en Madrid e en Francia, xunto cos grandes pintores, escritores e artistas da época.

Pulsando [aquí](#) poderás ver unha colección de cadros titulada "Máscaras". Propoño que fagades un debuxo ou manualidade imitando algunha das máscaras de Maruja Mallo (fixádevos na súa sinatura, é moi fácil de imitar)



ROSALÍA DE CASTRO (escritora)

Publicou o primeiro libro en galego despois dunha época na que estaba mal visto falalo.

Para ver vídeo pulsa [aquí](#)

A ver se podes ler este cachiño de poema:

ADIOS RÍOS, ADIÓS FONTES
ADIÓS REGATOS PEQUENOS
ADIÓS VISTA DOS MEUS OLLOS
NON SEI CANDO NOS VEREMOS.



VALENTINA TERESHKOVA

Foi a primeira muller en ser astronauta

Para ver vídeo pulsa [aquí](#)